

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE**

EXTRACTO da Orde do 29 de setembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións Xempre Emprendemento para apoiar iniciativas de emprendemento, e se procede á súa convocatoria para a anualidade de 2022 (código de procedemento TR880A).

BDNS (Identif.): 651072.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas, entidades beneficiarias e requisitos*

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas traballadoras autónomas e as pequenas e medianas empresas, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, e as sociedades cooperativas e laborais de entre as previstas no artigo 6 da Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia, que se atopen de alta e iniciasen a súa actividade económica desde o 1 de xaneiro de 2020, segundo se establece no artigo 1 da orde.

As persoas interesadas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ter o domicilio fiscal en Galicia.
- b) Figurar inscritas como tales nos correspondentes rexistros administrativos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Ter presentadas, de ser o caso, as contas anuais do último ano no Rexistro Mercantil ou no Rexistro de Cooperativas, segundo corresponda á súa forma xurídica.
- d) Ter iniciada a súa actividade económica no período que transcorre entre o 1 de xaneiro de 2020 ata a data de presentación da solicitude.
- e) Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.



f) Estar ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social para obter subvencións.

g) Non ter sido sancionadas mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións.

Segundo. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas cales se rexerá a convocatoria pública de subvencións Xempre Emprendemento para as persoas traballadoras autónomas e as pequenas e medianas empresas, incluídas as cooperativas e sociedades laborais, que se atopen de alta e iniciasen a súa actividade económica desde o 1 de xaneiro de 2020 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2022.

A finalidade é facilitar as iniciativas de emprendemento, contribuíndo ao incremento da súa actividade económica, e a súa competitividade e, en definitiva, manter empregos de calidade, a través do apoio ao financiamento do investimento realizado e pagado entre o 1 de xaneiro de 2022 ata a data da presentación da solicitude (código do procedemento TR880A).

Terceiro. *Importe*

Para a concesión destas axudas destínanse dous millóns oitocentos vinte e cinco mil euros (2.825.000 €).

Cuarto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes comezará ás 13.00 horas do 4 de outubro de 2022 e será dun mes (tendo en conta o disposto na disposición derradeira segunda), agás que se produza o suposto de esgotamento do crédito.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2022

María Jesús Lorenzana Somoza
Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade

CVE-DOG: 9aibufx6-ed50-ow23-vi07-a1uf9qs4dbp5

